



situación económica de galicia



Ao longo do ano 2006 continuou a expansión da economía mundial, que rexista unha medra do 5,4%. Dunha banda, cómpre salientar que China e India lideraron o crecemento dos países emerxentes e en desenvolvemento. Doutra, mentres que a zona euro experimentou unha aceleración no seu ritmo de crecemento, a economía de Estados Unidos perdeu forza no último ano.

A actividade económica no conxunto do Estado segue coa súa tendencia positiva, rexistrando en 2006 unha medra do 3,9%. A pesar da lixeira desceleración na contribución da demanda interna á medra do PIB agregado, esta volve a ser o seu motor de crecemento, cunha achega ao PIB do 4,9%.

Dende o punto de vista da oferta, a construción volve a ser o sector máis dinámico, seguido polo sector servizos e as ramas industriais. O VEB primario, a diferenza do acontecido no ano anterior, rexista taxas de crecemento positivas.

A economía galega continuou o seu ciclo expansivo, presentando en 2006 unhas taxas de crecemento superiores ás medias española e europea. Neste último ano, a actividade produtiva de Galicia rexistrou, en termos reais, o incremento máis elevado dende o ano 2000, cun 4,1% (3,9% de media en España e 3,2% en Europa).

O sector industrial comportouse como a actividade máis dinámica, cun incremento do 5%, adiantando á construción, que presenta unha medra do 4,3%. Destaca tamén o forte impulso que tiveron as actividades enerxéticas e o sector primario, que presentan crecementos do 3,8% e o 2,2%, respectivamente.

O sector servizos, cun peso superior ao 55,1% do produto interior bruto a prezos de mercado, foi responsable de case a metade do crecemento do PIB

(49,2%). Especial mención require o sector da construción, que cun peso relativo no PIB do 13,1%, ten unha achega ao crecemento do 19,8%. A industria e o sector primario presentan, do mesmo xeito que os servizos, unha importancia relativa superior á achega que fan ao crecemento agregado do PIB, xa que a súa importancia relativa foi do 16,8% e o 4,1%, respectivamente, e a súa achega ao crecemento, do 15,4% e o 1,1%, respectivamente.

O principal soporte do dinamismo da economía galega foi a demanda interna, ao igual que acontece no conxunto do Estado. Tras unha medra do consumo final e do investimento, a achega ao crecemento foi de 4,7 puntos, tres décimas máis que no ano anterior. A contribución da demanda externa, dado o maior dinamismo das exportacións respecto das importacións, mellora en medio punto porcentual, a pesar de seguir sendo negativa.

O devandito crecemento económico veu acompañado dun cadro macroeconómico caracterizado pola moderación das tensións inflacionistas, así como dunha aceleración do ritmo de crecemento do número de persoas afiliadas á Seguridade Social e dos custos laborais por traballador, máis acusada no caso dos custos salariais.

O ano 2006 coincide coa data final da vixencia do Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000 e 2006. Xunto á converxencia da economía galega coa media española tanto en termos do PIB per cápita como en termos de renda familiar bruta en poder de compra, cómpre salientar que mentres que a importancia relativa do PIB (prezos correntes) se mantivo relativamente constante ao longo da serie considerada, o da poboación e o emprego galego descendeu de xeito continuado.

Nese intervalo de tempo, tan só o sector da construción aumenta a súa importancia relativa no PIB, pasando dun 10,2% ao xa mencionado 13,1%. Pola contra, a participación dos servizos no PIB descende en medio punto porcentual e os sectores primario, enerxético e o conxunto das actividades industriais experimentan unha caída dun punto porcentual. Xunto a estas modificacións na estrutura produtiva da economía galega, rexístranse cambios nas achegas ao crecemento agregado do PIB, cunha importante caída da contribución dos servizos e da industria, fronte ao incremento da achega do sector da construción. As actividades do sector primario pasan de ter unha aportación negativa no PIB en 2000 ao devandito 1,1% de 2006.

Outro elemento que amosa o proceso de converxencia da economía galega é o indicador de competitividade rexional, calculado a partir de 22 variables relacionadas coa potencialidade e desenvolvemento dunha economía. O índice xeral reflicte que entre 2003 e 2005 (anos nos que se dispoñen de datos para todas as variables), a economía galega mantén o diferencial coa media do Estado, como consecuencia da mellora experimentada nos indicadores sintéticos macroeconómicos, laboral e de innovación (aínda que descenden os indicadores de desenvolvemento empresarial e de infraestruturas e accesibilidade).



contexto económico xeral

A nivel global, no ano 2006 continuou a expansión da economía mundial, que experimentou unha medra do 5,4%, cinco décimas máis que no ano anterior. Non obstante, existen importantes diverxencias no crecemento das distintas rexións, salientando, dunha banda, o crecemento de China e India, que lideraron a medra dos países emerxentes e en desenvolvemento. Así mesmo, a expansión da zona euro acelerouse ata acadar o ritmo máis elevado dos últimos anos, propiciado polo comportamento da demanda interna. Doutra banda, cómpre salientar que a economía de Estados Unidos perdeu forza en 2006 e que se acrecentan os desequilibrios da conta corrente a escala mundial, especialmente significativo na economía estadounidense e nalgúns europeos, coma a española.

A economía española volveu a presentar unha taxa de crecemento do PIB real superior á experimentada pola zona euro (3,9% fronte aos 3,2% da media comunitaria). Polo lado do gasto, o motor de crecemento segue sendo a demanda interna, se ben a súa achega ao PIB agregado diminúe ao longo do ano 2006. Esta redución explícase tanto pola desaceleración do gasto en consumo final coma do investimento. Dende o punto de vista da oferta, a construción volve a comportarse coma o sector máis dinámico da economía española, seguido polo sector servizos e o conxunto das ramas industriais. O valor engadido bruto xerado polas actividades do sector primario, a diferenza do acontecido en 2005, rexistra taxas de crecemento positivas.

A economía galega continuou coa súa tendencia positiva de crecemento económico, ao rexistrar unha medra do seu Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado do 4,1%, oito décimas por riba da experimentada no ano 2005. A diferenza do acontecido no conxunto do Estado, dende o lado do gasto salienta o incremento da participación da demanda interna no crecemento do PIB. Polo da oferta hai que destacar, dunha banda, o importante crecemento do sector industrial, que se sitúa como o sector máis dinámico da economía galega no último ano. Doutra, as ramas agraria e pesqueira, despois da redución da súa produción en 2005, rexistran unha medra positiva da súa actividade. Asemade, a construción e os servizos experimentaron un crecemento similar ao de 2005.

Panorama económico internacional

No último ano a economía mundial rexistrou unha importante aceleración no seu crecemento, medrando un 5,4% respecto ao ano anterior, sendo este incremento do 3,1% no caso das economías avanzadas ou do 7,9% nos países emerxentes e en desenvolvemento. Os principais motores deste crecemento internacional seguen sendo Estados Unidos e China, que presentaron unha medra do 3,3% e 10,7%, respectivamente. A India presenta unha medra importante, cun 9,2%, se ben o seu impacto no crecemento mundial é aínda reducido.

Economía internacional 2005-07: evolución dos principais indicadores

	2005	2006	2007 (P)
	<i>(taxa de crecemento sobre o mesmo período do ano anterior)</i>		
Produto Interior Bruto real			
Economía mundial	4,9	5,4	4,9
Economías avanzadas	2,5	3,1	2,5
EE.UU.	3,2	3,3	2,2
Xapón	1,9	2,2	2,3
Unión Europea	1,9	3,2	2,8
Zona Euro	1,4	2,6	2,3
Países emerxentes e en desenvolvemento	7,5	7,9	7,5
China	10,4	10,7	10,0
India	9,2	9,2	8,4
Demanda interna real total			
Economías avanzadas	2,6	2,8	2,3
EE.UU.	3,3	3,1	1,7
Xapón	1,7	1,4	2,1
Zona Euro	1,6	2,3	2,2
Gasto en consumo privado			
Economías avanzadas	2,6	2,5	2,5
EE.UU.	3,5	3,2	2,9
Xapón	1,6	0,9	1,6
Zona Euro	1,5	1,9	1,7
Gasto en consumo público			
Economías avanzadas	1,5	1,9	1,9
EE.UU.	0,9	1,6	2,2
Xapón	1,7	0,3	1,2
Zona Euro	1,4	2,1	1,4
Formación bruta de capital			
Economías avanzadas	4,4	4,1	2,0
EE.UU.	6,4	3,1	-2,1
Xapón	2,4	3,5	4,1
Zona Euro	2,5	4,5	4,1
IPC			
Economías avanzadas	2,3	2,3	1,8
EE.UU.	3,4	3,2	1,9
Xapón	-0,6	0,2	0,3
Zona Euro	2,2	2,2	2,0
Países emerxentes e en desenvolvemento			
China	1,8	1,5	2,2
India	4,2	6,1	6,2
Productividade laboral (1)			
Economías avanzadas	3,4	3,7	3,0
EE.UU.	4,8	4,0	3,3
Xapón	1,6	3,0	3,0
Zona Euro	2,9	4,0	2,7
Taxa de desemprego			
Economías avanzadas	6,0	5,5	5,4
EE.UU.	5,1	4,6	4,8
Xapón	4,4	4,1	4,0
Zona Euro	8,6	7,7	7,3

(1) Medida coma o cociente entre a remuneración por hora e o custo unitario da man de obra
 Fonte: Fondo Monetario Internacional

○ 1.1.1.

Nos Estados Unidos, a pesar de que a súa economía, por mor da desaceleración do mercado da vivenda, perdeu ímpeto, a caída dos prezos do petróleo no segundo semestre do ano contribuíu a sustentar o gasto dos consumidores. Con todo, o PIB real dos Estados Unidos experimentou en 2006 unha medra do 3,3%, unha décima superior ao incremento rexistrado no ano anterior. O investimento en capital fixo experimentou unha importante desaceleración, acadando no último ano unha medra do 3,1% respecto ao 2005 (6,4% no ano anterior). Un dos seus principais problemas segue sendo o seu déficit por conta corrente, que tras unha medra un 8,2% en 2006, se situou nos 856,7 miles de millóns de dólares americanos, que representa o 6,5% do seu PIB (6,4% no ano anterior). No que ao mercado de traballo se refire, a produtividade laboral presenta unha taxa de crecemento do 4% (tres décimas por riba da media do conxunto das economías avanzadas), como resultado dun crecemento da remuneración por hora (3,8%) e dun descenso do custo laboral unitario (0,2%).

Os datos aportados polo Fondo Monetario Internacional reflicten que a medra da actividade económica dos **países da zona euro** acelerouse en 2006 ata acadar as taxas de crecemento máis elevadas dos últimos seis anos: 2,6%. O **cadro 1.1.1.** amosa que este crecemento é alimentado pola crecente demanda interna, onde tanto o gasto en consumo público e privado como o investimento rexistran incrementos superiores aos do ano anterior. Especialmente significativo é a evolución do investimento (formación bruta de capital fixo) ao medrar no conxunto dos países

Evolución do PIB en España 2005-06: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2005	2006	2006			
			I	II	III	IV
Gasto en consumo final	4,3	3,9	3,9	3,8	3,8	4,0
Gasto en consumo final dos fogares	4,2	3,7	3,7	3,6	3,6	3,7
Gasto en consumo final das ISFLSH	5,9	5,0	4,6	4,8	4,6	5,8
Gasto en consumo final das AA.PP.	4,8	4,4	4,3	4,4	4,2	4,9
Formación bruta de capital fixo	7,0	6,3	6,3	6,2	6,4	6,4
Bens de equipamento	9,0	9,7	8,6	9,1	9,6	11,4
Construción	6,0	5,9	5,8	5,8	6,2	5,7
Outros produtos	7,5	3,2	4,8	3,3	3,0	1,7
Variación de existencias (2)	-0,0	0,1	0,1	0,1	0,1	0,0
Demanda interna (2)	5,2	4,9	4,8	4,8	4,8	4,9
Exportacións de bens e servizos	1,5	6,2	9,5	4,9	3,4	7,3
Exportacións de bens	0,0	5,6	11,5	3,4	2,7	5,3
Exportacións de servizos	4,5	7,5	5,3	8,4	4,8	11,4
Importacións de bens e servizos	7,0	8,4	11,6	7,3	6,0	8,8
Importacións de bens	6,6	8,0	9,8	6,7	7,0	8,6
Importacións de servizos	8,6	10,0	18,9	10,0	2,0	9,8
PIB a prezos de mercado	3,5	3,9	3,7	3,8	3,8	4,0
Ramas agraria e pesqueira	-10,0	0,3	-3,2	0,1	-0,5	4,3
Ramas enerxéticas	3,8	2,0	3,2	3,2	3,9	-2,1
Ramas industriais	0,3	3,3	1,9	2,8	4,0	4,4
Construción	5,4	5,3	5,3	5,0	5,8	5,0
Ramas dos servizos	4,4	3,6	3,9	-3,5	3,3	3,5
servizos de mercado	4,6	3,4	3,9	3,5	3,2	3,3
servizos de non mercado	3,5	4,0	3,9	3,6	3,8	4,5
Impostos netos sobre os produtos	5,7	6,3	6,2	6,7	5,5	6,7
IVE que grava os produtos	5,6	4,5	4,2	5,5	4,0	4,2
Impostos netos sobre prod. importados	4,9	3,0	5,0	3,9	1,7	1,2
Outros impostos netos sobre os produtos	6,0	9,4	9,4	8,8	8,2	10,9

(1) Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual. Prezos constantes de 2000.

(2) Contribución ao crecemento agregado do PIB

Fonte: INE, Contabilidad Nacional Trimestral de España

○ 1.1.2.

da zona euro un 4,5% respecto ao ano 2005, lixeiramente por riba da media das economías avanzadas e 1,4 puntos porcentuais máis que nos EE.UU. Os catro países da zona euro con maior crecemento da súa actividade produtiva foron Irlanda (6,0%), Luxemburgo (5,8%), Finlandia (5,5%) e Eslovenia (5,2%).

A taxa de crecemento da produtividade laboral, medida coma a razón remuneración por hora/custo unitario da man de obra, acadou nestes países un valor do 4,0% (2,9% no ano anterior). A remuneración por hora medrou en 2006 un 3,2% (2,6% no ano anterior) mentres que os custos laborais descendieron nun 0,8% (-0,2% en 2005). Canto ao emprego, e a pesar do descenso da taxa de paro, esta mantense moi por riba dos valores rexistrados para o conxunto da economías avanzadas, EE.UU. e o Xapón.

A **economía xaponesa**, pola súa banda, rexistrou unha medra do seu PIB real do 2,2%, tres décimas por riba do experimentado en 2005. Ao contrario do acontecido no caso das economías avanzadas e dos EE.UU., en Xapón o superávit comercial (170,4 miles de millóns de dólares americanos) acadará o 3,9% do seu PIB (3,6% no ano anterior). Cómpre salientar a importante aceleración producida na produtividade laboral como consecuencia dunha medra do 0,4% das remuneracións, oito décimas menos que no ano anterior, e unha caída dos custos laborais moi superior á rexistrada no ano 2005 (-2,6% e -0,4%, respectivamente). O seu nivel de inflación, se ben foi positivo en 2006, está demasiado cerca de cero.

Panorama económico de España

Ao longo do ano 2006 continuou a expansión da economía española, se ben a un ritmo inferior ao experimentado no ano anterior. A nivel global, a actividade produtiva rexistrou unha medra do 3,9%, catro décimas máis que o rexistrado en 2005. Coma sucedeu en anos anteriores, e dende a perspectiva do gasto, a da demanda interna segue sendo o motor de crecemento, cunha achega ao crecemento agregado do PIB do 4,9%. A pesar do mellor comportamento do

Índices de competitividade de España fronte á UE, aos países desenvolvidos e a novos países industrializados de Asia 2003-06

	Fronte á UE-27		Frote aos países desenvolvidos (1)		Fronte a novos países industrializados de Asia (2)	
	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais
	(base 1999 = 100)					
2003	104,7	102,2	105,4	103,1	113,1	108,6
2004	105,6	103,1	107,4	104,9	123,0	115,0
2005	107,0	104,7	109	106,7	120,2	111,9
2006	108,4	105,9	110,9	108,3	118,7	109,7

(1) Alemaña, Austria, Australia, Bélxica, Canadá, Dinamarca, Eslovenia, Estados Unidos, Finlandia, Francia, Grecia, Holanda, Italia, Irlanda, Xapón, Luxemburgo, Noruega, Nova Zelanda, Portugal, Reino Unido, Suecia e Suíza.

(2) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.

Fonte: Banco de España, Boletín estadístico

1.1.3.

sector exterior, este segue rexistrando unha contribución negativa ao crecemento da economía (-1%).

A diferenza do acontecido en 2005, a demanda interna experimentou unha lixeira desaceleración na súa contribución ao crecemento (4,9 puntos en 2006, tres décimas menos que no ano anterior), por mor do menor crecemento tanto do gasto en consumo final como do investimento. A formación bruta de capital fixo rexistrou un incremento do 6,3% en 2006, sete décimas menos que o experimentado no ano anterior. Analizando os distintos compoñentes agregados, o **cadro 1.1.2.** reflicte que esta desaceleración ven explicada pola evolución de “outros produtos” (3,2% en 2006 fronte aos 7,5% do ano anterior), xa que o investimento en bens de equipamento rexistra unha aceleración no seu crecemento (9,7% no último ano, sete décimas máis que en 2005) e o investimento en construción presenta unha taxa de crecemento similar á do ano anterior (5,9% no ano 2006 e 6,0% no ano 2005).

O gasto en consumo final presentou novamente unha lixeira moderación, ao medrar un 3,9% en 2006, catro décimas menos que no ano precedente. Esta desaceleración explícase tanto pola moderación do consumo final dos fogares como o das Administracións Públicas e das Institucións sen fin de lucro (ISFLSH).

Dada a forte aceleración das exportacións, que medran un 6,2% respecto ao ano 2005, a contribución negativa do sector exterior ao crecemento agregado do PIB descendeu de xeito importante, situándose no último ano nun punto porcentual (1,7 puntos en 2005). Neste senso, cómpre salientar que un ano máis a economía española volve a amosar unha perda de competitividade, tanto en termos de prezos ao consumo coma de prezos industriais, fronte á UE-27 e fronte a países desenvolvidos. Pola contra, e ao igual que o experimentado en 2005, melloran os índices de competitividade de España fronte aos novos países industrializados de Asia (**cadro 1.1.3.**).

Dende a óptica da **oferta**, a construción, cunha medra do 5,3%, volve a ser o sector cun maior dinamismo. Asemade, cómpre salientar tanto o crecemento positivo das ramas agraria e pesqueira coma a forte aceleración presentada polo conxunto das ramas industriais. Dunha banda, trala elevada contracción da actividade económica do sector primario en 2005 (-10%), as ramas primarias presentan no último ano taxas de crecemento positivas. Doutra banda, o conxunto das ramas industriais experimentaron unha medra do 3,3%, tres puntos porcentuais por riba do rexistrado en 2005.

Ademais, tanto o sector enerxético coma o sector servizos, por mor do comportamento dos servizos de mercado, presentan unha desaceleración no seu crecemento. As ramas enerxéticas experimentaron unha medra do 2% (1,8 puntos menos que en 2005) mentres que os servizos o fixeron nun 3,6% (4,4% en 2005).

O maior dinamismo da actividade económica trasladouse ao **mercado de traballo**, onde o

número de persoas afiliadas á Seguridade Social medrou en 2006 un 4,3% (753,7 miles de afiliados máis). Este incremento ven explicado pola medra dos afiliados en alta laboral nos sectores construción e servizos, que compensan a caída das afiliacións no sector primario e o mantemento das mesmas na industria. En termos relativos, as afiliacións na construción e servizos medraron un 8,6% e 5,2%, respectivamente, en tanto que a caída nas actividades agrarias foi do 3%.

O número de persoas paradas rexistradas nas oficinas do Servicio Público de Empleo Estatal-INEM descendeu en 2006 (media anual calculada a partir dos datos do último día de cada mes) un 1,5% (30.441 persoas), situándose nas 2.039.413 persoas. Novamente tódolos sectores, agás o sector primario, experimentaron unha caída do desemprego, sendo só máis acusados, porcentualmente, o rexistrado no caso dos sectores industrial e construción, cunha caída do 4,0% (11.871 e 9.223 persoas, respectivamente) respecto ao ano anterior. No caso das actividades do sector primario, o desemprego medrou un 7,4% (4.400 persoas).

Se se considera a diferenza entre as taxas de crecemento do PIB a prezos de mercado (prezos correntes) e do número de afiliados á Seguridade Social coma unha aproximación á produtividade aparente do factor traballo¹, esta acadou, ao igual que acontecera en 2005, un valor negativo (-0,4 puntos). Atendendo á distribución sectorial, esta caída ven motivada en primeiro lugar, polo avance na participación no emprego total dun sector de baixa produtividade aparente como é a construción. Se o emprego total medra un 4,3%, na construción o incremento é o dobre (8,7%). En segundo lugar, a expansión do emprego no sector servizos, 5,2% respecto ao ano anterior, prodúcese en ramas de actividade cunha menor produtividade aparente do traballo o que fai que a produtividade aparente do conxunto deste sector se reduza.

Panorama económico da eurorrexión

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, tal e como se reflicte no **cadro 1.1.4.**, ocupa unha superficie de 50.853 quilómetros cadrados, e conta a comezos do ano 2006 cunha poboación de 6.505,3 miles de persoas, o que implica unha densidade media de 127,9 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-25, a eurorrexión representa o 1,3% da súa superficie e o 1,4% da súa poboación.

A poboación ocupada no ano 2005 ascendeu a 2.928 miles de persoas (o que representa aproximadamente o 45% da poboación total da eurorrexión), dos que o 51,9% dos traballadores estaban ocupados nas ramas de actividade do sector servizos. Os sectores da industria e construción, considerados conxuntamente, acollían o 36% das persoas e o restante 12% pertencían ao sector primario.

O devandito cadro reflicte a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e no Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da poboación ocupada no sector servizos, que acolle o 59% da súa poboación ocupada fronte ao 47,5% no norte de Portugal, na rexión Norte de Portugal o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é máis de nove puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 28,3% e 19,2%, respectivamente. No caso do sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 10,7% da ocupación total en Galicia fronte ao 12,8% no norte de Portugal.

No concernente ás taxas de desemprego, no ano 2005 Galicia presenta unha taxa superior á media europea e á media da rexión Norte de Portugal, ao acadar un valor do 9,9% en Galicia fronte ao 8,8% no Norte de Portugal (9,0% na UE-25). Dun xeito máis acusado, esta mesma situación prodúcese no caso do desemprego feminino e no dos mozos entre 15 e 24 anos. Como indi-

¹ A produtividade aparente do traballo é unha das posibles medidas de produtividade, aínda que non sempre é a máis precisa. Esta medida está sesgada contra as actividades intensivas en man de obra, que empregan pouco capital físico privado. Canto meirande sexa a relevancia do capital produtivo privado nunha actividade produtiva, cabe agardar que maior sexa a produtividade aparente do traballo, mais tamén meirande será a participación do Excedente Bruto de Explotación (EBE) no valor engadido bruto (VEB) e, polo tanto, menor tenderá a ser a participación dos asalariados.

Principais indicadores da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

	Unidade de medida	Período de referencia	Galicia	Rexión Norte	Eurorrexión	UE-25
Superficie	(en Km ²)	--	29.575	21.278	50.853	3.958.699
Poboación de dereito	(miles de persoas)	1/1/06	2.767,5	3.737,8	6.505,3	463.523,4
		1/1/05	2.760,2	3.727,3	6.487,5	461.478,7
		1/1/04	2.751,0	3.711,8	6.462,8	459.119,3
Densidade poboación	(habitantes por km ²)	1/1/06	93,6	175,7	127,9	117,1
		1/1/05	93,3	175,2	127,6	116,6
		1/1/04	93,0	174,4	127,1	116,0
Poboación ocupada			100	100	100	100
Sector primario			10,7	12,8	12,0	4,9
Industria	(miles de persoas)	2005	19,2	28,3	24,8	19,6
Construción			11,1	11,3	11,2	7,9
Servizos			59,0	47,5	51,9	67,6
Emprego						
Total			47,3	57,6		51,9
Feminina	(% poboación 15 e máis anos)	2005	38,0	50,6		44,3
Masculina			57,6	65,1		60,0
Desemprego						
Total			9,9	8,8		9,0
Feminina	(%)	2005	13,5	10,4		9,9
Mozos (15-24 anos)			21,0	15,9		18,7
Produto Interior Bruto	(millóns de € correntes)	2002	37.250	36.525	73.775	9.626.056
		2003	39.516	38.404	77.920	9.953.329
		2004	42.869	39.956	82.825	10.505.714
PIB per cápita (1)		2002	74,7	61,5	67,1	100
		2003	76,6	57,4	65,5	100
	(EU-25=100)	2004	81,0	58,8	69,6	100
		2000-2002	73,4	61,9		100
		2002-2004	77,4	59,2	67,4	100
Esforo investidor	(% gasto I+D / PIB)	2002	0,79	0,43		1,90
		2003	0,86	0,64		1,90
		2004	0,86			1,86
Emprego sect. alta tecnoloxía			76,26	73,56	149,82	
Sector manufactureiro						
Alta e media alta tecnol.	(miles de ocupados)	2005	55,6	57,8	113,38	
Sector servizos						
Intensivos en coñecemento			20,7	15,8	36,44	
Patentes europeas	(nº solicitudes)		35	19	54	60.285
	(nº solicitudes / millón activos)	2002	28,5	9,7	16,9	286,4
	(nº solicitudes / millón hab.)		12,9	5,0	8,3	132,5
	(nº solicitudes)		6	19	25	62.191
	(nº solicitudes / millón activos)	2003	4,5	9,8	7,6	293,0
	(nº solicitudes / millón hab.)		2,1	5,1	3,8	136,1

(1) Tense en conta as diferenzas en niveis de prezos nacionais que non son tidos en conta polos tipos de cambio

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de IGE, Eurostat, Comisión Europea e Instituto Nacional de Estadística de Portugal

1.1.4.

ca o **cadro 1.1.4.**, as taxas de desemprego da mulleres e mozos en Galicia situouse no 13,5% e 21%, respectivamente, 3,1 e 5,1 puntos superior á rexistrada na rexión Norte de Portugal.

Finalmente, se consideramos que o produto interior bruto na UE-25 é igual a 100, no ano 2004 o PIB per cápita (en paridade de poder adquisitivo) na eurorrexión Galicia- Norte de Portugal ascende a 69,6%. En Galicia, esta ratio acada o 81%, máis de vinte puntos por riba do estimado para a rexión Norte de Portugal: 58,8% da media comunitaria. Se se ten en conta a media dos anos 2002-2004, Galicia presenta un índice dezaoitto puntos superior ao correspondente ao Norte de Portugal: 77,4% e 59,2%, respectivamente.

Panorama económico de Galicia

O cadro macroeconómico da economía de Galicia reflicte, **cadro 1.1.5.**, que a súa actividade económica continuou coa súa tendencia do crecemento económico, ao rexistrar unha medra do seu Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado do 4,1%, oito décimas por riba da experimentada no ano 2005.

Evolución do PIB en Galicia 2005-06: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2005	2006	2006			
			trimestres			
			I	II	III	IV
Gasto en consumo final	3,4	3,5	3,2	3,1	3,6	4,2
Gasto en consumo final dos fogares	3,2	3,4	3,1	3,0	3,4	4,2
Gasto en consumo final das AA.PP. e ISFLSH	3,8	3,9	3,7	3,4	4,1	4,2
Formación bruta de capital fixo	5,2	5,3	5,8	4,4	5,2	5,9
Demanda interna (2)	4,4	4,7				
Exportacións de bens e servizos	3,3	6,8	10,9	8,8	2,6	5,1
Importacións de bens e servizos	4,3	6,3	7,0	6,7	5,5	6,2
PIB a prezos de mercado	3,3	4,1	4,0	4,1	4,1	4,2
Ramas agraria e pesqueira	-0,9	2,2	6,0	1,9	-1,5	2,8
Ramas enerxéticas	0,1	3,8	7,6	9,4	1,2	-2,3
Ramas industriais	2,0	5,0	6,4	5,6	1,2	6,9
Construción	4,3	4,3	4,2	4,0	4,6	4,2
Ramas dos servizos	3,8	3,9				
servizos de mercado	4,1	4,0	3,8	4,1	4,2	4,1
servizos de non mercado	3,1	3,6	3,8	3,0	4,4	3,3
Impostos netos sobre os produtos	4,0	4,6	2,3	4,0	4,4	7,8

(1) Taxas de variación interanual. Prezos constantes de 2000

(2) Contribución ao crecemento do PIB

Fonte: IGE, Contabilidade Trimestral

1.1.5.

Ao igual que acontece na economía española, a demanda interna é o motor de crecemento da economía galega, cunha achega á medra do PIB do 4,7 puntos, tres décimas máis que no ano 2005. A pesar de que a contribución da demanda externa ao crecemento do PIB segue sendo negativa, a súa aportación mellora ao longo do último ano (seis décimas negativas en 2006 fronte aos 1,1 puntos do ano anterior).

A diferenza do acontecido no conxunto do Estado, todos os compoñentes da demanda interna presentan un crecemento lixeiramente superior ao rexistrado no ano 2005. O investimento medrou un 5,3% mentres que o gasto en consumo final o fixo nun 3,5%. O compoñente do gasto en consumo que máis crece foi o do gasto das Administracións Públicas, cun 3,9%, cinco décimas por riba do rexistrado no caso do consumo final dos fogares.

A redución en medio punto porcentual da achega negativa do sector exterior veu motivada por unha maior aceleración no ritmo de crecemento das exportacións que no das importacións. As primeiras presentaron unha medra do 6,8%, mentres que as importacións medraron un 6,3% respecto ao ano 2005.

Dende a óptica da **oferta**, á hora de analizar a aceleración no ritmo de crecemento da economía galega hai que destacar, dunha banda, o comportamento das ramas industriais, que no último ano se sitúan como o sector con maior crecemento. Doutra, a medra da actividade agraria e pesqueira, que tras o descenso experimentado en 2005, presenta unha medra do 2,2%. Asemade, o sector enerxético rexistrou en 2006 un crecemento do 3,8%, tres puntos e sete décimas máis que no ano 2005. Pola contra, a construción e os servizos presentan taxas de crecemento similares ás do ano anterior (4,3% e 3,9%, respectivamente).

No que atinxe ao **mercado de traballo**, os datos da afiliación á Seguridade Social en Galicia indican unha medra do 3,5% respecto ao número de afiliados en 2005. A pesar do incremento da actividade no sector primario, o **cadro 1.1.6.** amosa o descenso do número de afiliados neste sector. Asemade, a medra da ocupación nos sectores da construción e dos servizos é superior á medra do VEB xerado, polo que a produtividade aparente do factor traballo acada valores negativos no ano 2006. Ademais, cómpre salientar que o forte incremento da produción no sector industrial trasladouse ao mercado de traballo, que a diferenza do acontecido no ano 2005, presenta unha medra do número de traballadores afiliados en alta laboral na Seguridade Social.

O desemprego medio anual en Galicia, medido polo número de persoas rexistradas nas oficinas do SPE, descendeu un 6,3% respecto ao ano anterior (10.793 persoas), acadando as 161.278

Produtividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2005-06: distribución segundo sectores

	2005			2006		
	Produtividade	PIB (1)	Ocupación (2)	Produtividade	PIB (1)	Ocupación (2)
Galicia						
Total	0,4	3,2	2,8	0,6	4,1	3,5
S. Primario	-4,3	-8,2	-3,9	4,5	0,2	-4,3
Industria	1,2	1,1	-0,1	3,3	5,0	1,7
Construción	-1,5	3,0	4,5	-0,5	4,9	5,4
Servizos	0,4	4,8	4,4	-1,5	3,3	4,8
España						
Total	-0,9	3,5	4,4	-0,4	3,9	4,3
S. Primario	-7,4	-10,0	-2,6	3,3	0,3	-3,0
Industria	0,9	0,3	-0,6	3,3	3,3	0,0
Construción	-3,2	5,4	8,6	-3,4	5,3	8,7
Servizos	-1,3	4,4	5,7	-1,6	3,6	5,2

(1) Taxas de variación interanual. Prezos constantes
 (2) Afiliados á Seguridade Social
 Fonte: Elaboración propia a partir de INE, *Contabilidade Regional de España e Seguridade Social*

○ 1.1.6.

persoas. Os datos recollidos no **cadro 2.1.8**. [*Paro rexistrado en Galicia e España 2005-06: distribución segundo sector económico*] reflicten que o desemprego descende nos distintos grupos de actividade considerados, producíndose a maior caída no sector servizos, con 4.609 persoas menos.

As taxas de crecemento do PIB e do emprego (medido polo número de persoas afiliadas á Seguridade Social) implican que a produtividade aparente do traballo incrementouse en 0,6 puntos porcentuais (-0,4% no conxunto do Estado), cando no ano anterior, esta medra fora do 0,4 puntos. Os datos do **cadro 1.1.6**. amosan que, dada a forte caída do emprego agrario e a medra da súa actividade, a produtividade aparente no sector presenta un valor elevado: 4,5%. No conxunto das ramas industriais, a produtividade aparente foi do 3,3%, mentres que nos sectores da construción e dos servizos, esta é negativa: -0,5% e -1,5%, respectivamente.

Se temos en conta o número de persoas ocupadas segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA), o **cadro 1.4.10**. [*Produtividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2005-06: distribución segundo sectores*] reflicte que a produtividade aparente do factor traballo en Galicia representa o 86,6% da media estatal, 1,2 puntos por riba da media do ano anterior. A pesar do incremento experimentado pola produtividade aparente nos sectores primario e industrial, estes seguen rexistrando os valores máis baixos, cun 73,7% e un 79,0% da media española, respectivamente.

Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006

Tendo en conta que no ano 2006 remata a vixencia do PEDEGA, cómpre facer referencia ao comportamento dos principais indicadores poboacionais, de produción e do emprego ao longo dese período de tempo.

O número de habitantes empadroados en Galicia experimentou un crecemento medio anual do 0,2%, punto e medio por baixo do rexistrado no conxunto do Estado. Este diferencial explícase, en gran parte, pola tendencia seguida pola poboación menor de 16 anos, que descende en Galicia un 1,2% (medrou de media en España un 1,1%) e pola poboación con idades comprendidas ente 16 e 64 anos, que se incrementou un 0,2%, máis de punto e medio por baixo da media estatal.

Evolución de indicadores demográficos, actividade produtiva e da afiliación á Seguridade Social en Galicia e España 2000-06

	2000		2006		crecemento medio	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Indicadores demográficos	<i>(poboación a 1 de xaneiro)</i>		<i>(poboación a 1 de xaneiro)</i>		<i>(%)</i>	
Poboación total	2.731.900	40.499.790	2.767.524	44.708.964	0,2	1,7
Poboación menor de 16 anos	362.808	6.382.301	337.135	6.825.177	-1,2	1,1
Poboación con idades entre 16 e 64 anos	1.814.023	27.275.343	1.835.893	30.399.395	0,2	1,8
Poboación maior de 65 anos	555.071	6.842.142	594.496	7.484.392	1,2	1,5
Poboación de 85 e máis anos	64.838	718.560	77.579	851.624	3,0	2,9
Produto Interior Bruto	<i>(%)</i>		<i>(%)</i>		<i>(%)</i>	
Taxa de crecemento real	2,8	3,6	4,1	3,9	3,1	3,3
Sector primario	-1,6	-2,0	0,2	0,3	-1,0	-1,7
Enerxía	0,9	4,0	7,3	2,0	2,0	2,9
Industria	1,3	3,2	5,0	3,3	1,9	1,3
Construción	6,6	8,6	4,9	5,3	4,3	6,0
Servizos	3,3	3,6	3,3	3,6	3,4	3,5
Servizos non de mercado	2,6	3,1	3,5	4,0	3,2	3,5
Taxa de crecemento nominal	6,8	8,0	8,2	7,8	7,3	7,6
Achegas ao crecemento agregado						
Sector primario	5,1	2,6	2,7	1,0		
Enerxía	0,4	1,4	3,7	1,0		
Industria	7,1	11,0	12,9	10,9		
Construción	16,6	14,7	18,6	17,4		
Servizos	66,1	64,9	44,8	52,1		
Servizos de non mercado	12,5	10,1	12,4	12,1		
Servizos de mercado	53,6	54,8	32,5	40,0		
Estrutura produtiva						
VEB	100	100	100	100		
Sector primario	6,9	4,4	5,3	3,1		
Enerxía	4,9	2,8	3,9	2,4		
Industria	17,3	18,1	15,1	15,0		
Construción	10,3	8,3	13,6	12,2		
Servizos	60,7	66,4	62,0	67,2		
Servizos de non mercado	16,2	14,7	16,2	14,5		
Servizos de mercado	44,4	51,7	45,8	52,7		
Emprego (Afiliación Seguridade Social)	<i>(en miles de persoas)</i>		<i>(en miles de persoas)</i>		<i>(%)</i>	
Total	880,1	15.062,9	1.032,5	18.596,3	2,7	3,6
Réxime xeral	598,0	11.106,1	744,8	14.161,8	3,7	4,1
Réxime especial minaría do carbón	0,2	18,2	0,1	9,4	-14,3	-10,4
Réxime especial agrario	74,7	1.139,6	55,4	999,3	-4,9	-2,1
conta propia	4,9	806,9	4,5	739,9	-1,2	-1,4
conta allea	69,8	332,8	50,9	259,3	-5,1	-4,1
Réxime especial traball. do mar	30,8	79,1	27,2	71,7	-2,1	-1,6
conta propia	18,3	62,1	15,6	56,4	-2,6	-1,6
conta allea	12,5	17,0	11,5	15,3	-1,3	-1,7
Réxime especial empregados fogar	12,7	151,1	18,9	335,6	6,9	15,7
Réxime especial de autónomos	163,5	2.568,8	186,2	3.018,7	2,2	2,7

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE e Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

○ 1.1.7.

Asemade, cómpre salientar que mentres que no ano 2000 Galicia acollía o 6,7% da poboación española, esta porcentaxe situábase en 2006 no 6,2%. Pola contra, se se fai referencia á poboación maior de 65 anos e a maior de 85 anos, o seu peso relativo sitúase en 2006 no 7,9% e 9,1% do total estatal, respectivamente (8,1% e 9% no ano 2000).

En relación á actividade produtiva, o **cadro 1.1.7.** amosa que o crecemento medio neses sete anos foi, en termos relativos, dúas décimas inferior en Galicia. A taxa de crecemento do PIB real galego foi do 3,1%, sendo do 3,3% no conxunto do Estado.

Tanto en Galicia como no conxunto do Estado, a construción foi o sector con maiores taxas de crecemento, se ben se pode apreciar unha ampla diferenza: mentres que en Galicia esta rama de actividade medra un 4,3%, o crecemento medio en España foi do 6%.

As ramas industriais no seu conxunto (sen considerar o sector enerxético) presentan en Galicia un maior crecemento que a media estatal, situándose no 1,9%, seis décimas por riba da media española. O VEB primario comportouse tamén mellor que en España, dado que se ben este descende tanto na economía galega como no española, a caída media en Galicia foi do 1% fronte ao 1,7% no conxunto do Estado.

No que atinxe á estrutura produtiva, as dúas economías presenta unha medra do peso relativo dos servizos e da construción, descendendo o peso dos sectores industrial e primario. No ano 2006, o VEB xerado polo sector servizos en Galicia foi do 62% (60,7% en 2000) e o da construción, do 13,6% (10,3% no primeiro ano de vixencia do Plan). A importancia relativa da industria descende ata o 15,1% (17,3%) e o sector primario ata o 5,3% (6,9%).

No concernente ao mercado laboral, o número de traballadores en alta laboral afiliados á Seguridade Social medrou en termo medio, un 2,7% entre os anos 2000 e 2006, case punto e medio menos que en España. Como reflicte o devandito **cadro 1.1.7.**, este comportamento ven motivado polo menor crecemento nos réximes que presentan un incemento no número de afiliados (Réxime xeeral, autónomos e empregados do fogar) e pola maior caída de afiliacións no caso do réxime especial agrario, no réxime especial de traballadores do mar e no da minaría de carbón. ■

